



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Modificación parcial da composición do tribunal cualificador do proceso selectivo dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira.

ANUNCIO:

Modificación parcial da composición do tribunal cualificador do proceso selectivo dunha praza de enxeñeira_o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira.

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal número 151 do 7 de febreiro de 2023, resolveuse o seguinte:

“Primeiro.- Modificar parcialmente a composición do tribunal cualificador, de acordo co seguinte detalle:

- Presidente:
 - Titular: María de las Nieves Fuentes Bermejo (xefa da asesoría xurídica do Concello de Culleredo)
 - Suplente: María Isabel Buján Bernárdez (xefa de servizo de dinamización, formación e emprego do Concello de Culleredo)
- Secretario:
 - Titular: José Villán Fuertes (secretario xeral do Concello de Culleredo)
 - Suplente: Francisco Javier Varela Tejedor (xefe do gabinete técnico do Concello de Culleredo)
- Vogais:
 - Titular: Jaime Graña Montero (enxeñeiro industrial por designación do colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia)
 - Suplente: María Dolores Cociña Cabanas (técnica de urbanismo do Concello de Culleredo)
 - Titular: Cipriano Lorenzo Fernández (enxeñeiro industrial por designación do colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia)
 - Suplente: Roberto Babío Fernández (xefe de servizo de economía e facenda do Concello de Culleredo)
 - Titular: Pablo Bouza Suárez (xefe de servizo de cultura e educación do Concello de Culleredo)
 - Suplente: María Gema Vázquez López (tesoureira municipal do Concello de Culleredo)

Segundo.- Deixar sen efecto parcialmente, no referente a composición do tribunal cualificador, a resolución núm. 43 do 18 de xaneiro de 2023 da concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal (código documento núm. UPO16102AP).

Terceiro.- Publicar a resolución no BOP

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica aos efectos das bases específicas desta convocatoria.

Culleredo, a 7 de febreiro de 2023

A concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. (Resolución do 13.07.2020, núm. 114 BOP 23.07.2020)

2023/843